



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE XUÑO DE 2026, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
D^a. DIANA VARELA BARREIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
D^a. YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
D. XESÚS CASTRO BLANCO
D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
D^a. MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES

Secretaria D^a. MARÍA ELENA SUEIRO FERNÁNDEZ

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e catro minutos do día trinta de xuño de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27/05/2026)

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria do día 27/05/2026 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre participación na 2ª fase do POS + Adicional 2/2026 (plan único de concellos) (Expediente 2026/A008/000028)

A Secretaria da Corporación municipal dá lectura do ditame da Comisión informativa de urbanismo e plans do día 23/06/2026 no que literalmente figura o seguinte:

“Visto que o Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 28.01.2026 acordou participar no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2026, e incluír no Plan Complementario os seguintes investimentos:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2026	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
Reforma de camiños en Vilapedre, Picón, A Torre e San Pedro de	270.750,58	0	0	0	270.750,58



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Sarandón					
Reforma de camiños en O Francés, Agrelo e Canicoba	148.026,92	0	0	0	148.026,92
TOTAL	418.777,50	0	0	0	418.777,50

Visto que o Pleno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o 28.11.2025 aprobou as bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+ 2026 (plan único de concellos), publicadas no BOP núm. 231/25, do 02 de decembro.

As bases do POS +2026 regulan simultaneamente o POS +2026 Base, o POS + Adicional 1/2026 para gasto social e o POS +Adicional 3/2025 para a redución de débeda, e ademais contén na base 13 unha previsión de regulación do POS + Adicional 2/2026. De acordo con esta base 13.3 a través deste plan realízase en primeiro lugar o reinvestimento nos concellos nos que se produciron, das baixas de licitación, anulacións de investimentos, economías de máis de 5.000 euros e outras achegas provinciais non aplicadas polos concellos procedentes do POS + 2021 ao POS + 2024 que non foron previamente reinvestidas; en segundo lugar realízase a aplicación das achegas provinciais asignadas aos concellos nos anos 2021 a 2025 que non foron aplicadas no plan correspondente, e en terceiro lugar o resto da achega provincial distribúese entre os 93 concellos aplicando os mesmos criterios previstos na base 4.1.

Visto que por Resolución da Alcaldía núm. 429/26, de data 05.05.2026, acordouse participar na primeira fase do Plan provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS + ADICIONAL 2/2026 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostíbeis que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS + 2026, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostíbeis xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2026	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
Reforma de camiños en Vilapedre, Picón, A Torre e San Pedro de Sarandón	270.750,58	0	0	0	270.750,58
Reforma de camiños en O Francés, Agrelo e Canicoba	148.026,92	0	0	0	148.026,92
TOTAL	418.777,50	0	0	0	418.777,50

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 2/2026	506.906,71
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2026	418.777,50
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 2/2026	88.129,21

De acordo coas bases reguladoras deste plan, propónse ao Pleno:

PRIMEIRO.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS +Adicional 2/2026 da Deputación



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devindicados no 2026, distintos dos solicitados , de ser o caso, no POS + 2026 Base	88.129,21€

c) Resumo de financiamento

		Concello			
POS ADICIONAL 2/2026	+ Deputación	Concello	IVE soportado deducible	Total concello	Orzamento total
Gastos correntes do 2026 (distintos dos solicitados no POS +2026 Base)	88.129,21€				88.129,21€
TOTAL	88.129,21€				88.129,21€

SEGUNDO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste plan.

TERCEIRO.- Autorizar a Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

CUARTO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco abstencións do BNG e PSdeG-PSOE.

3º.- Aprobación inicial, se procede, da ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades municipais (Expediente 2026/G013/000001)

A Secretaria da Corporación municipal dá lectura do ditame da Comisión informativa de economía e especial de contas do día 23/06/2026 no que literalmente figura o seguinte:

“Visto que o Concello de Vedra vén prestando distintas actividades municipais suxeitas a un prezo público nos termos previstos nos artigos 41 a 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, tales como:

- Actividades extraescolares.
- Actividades da Terceira Idade.
- Excursións da Terceira Idade.



- Excursións no marco do programa de conciliación Conxuga.
- Organización de eventos como a romaría, BTT, descenso do Ulla.
- Campamentos de verán.

Vista a necesidade de adecuar o seu establecemento á normativa de réxime local que require a aprobación dunha ordenanza municipal, atribuíndo a súa competencia ao pleno da corporación.

Visto o informe da secretaría de asesoramento legal preceptivo, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, propónse:

Primeiro: Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades municipais de acordo coa redacción que se achega como anexo.

Segundo: Someter a dita aprobación da ordenanza a exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP) por trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O texto íntegro da ordenanza aprobada con carácter provisional estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>). Finalizado o período de exposición pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentado e aprobando a redacción definitiva da ordenanza a que se refira o acordo provisional. No caso de non terse presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario,

Terceiro: Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que podan entrar en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.”

A Presidencia di que é unha cuestión técnica para darlle unha cobertura xurídica aos prezos públicos que se aprobaban ao longo do ano.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal de BNG para a execución efectiva da planificación municipal en materia de incendios (Expediente 2026/X002/000098)

Dáse conta da moción do grupo municipal do BNG que di o seguinte:

“O Grupo Municipal do BNG de Vedra, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación polo Pleno a seguinte moción para a activación urxente dunha rede de autoprotección e voluntariado parroquial ante o risco de incendios e a corrección de deficiencias nas franxas de biomasa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



Atopámonos ás portas do verán nun contexto de mudanza climática global que se traduce localmente en episodios de altas temperaturas cada vez máis temperáns e severos. O Índice de Risco Diario de Incendio (IRDI) sitúase con frecuencia en niveis altos e extremos xa dende o mes de xuño. Perante esta situación de perigo real para os nosos bens, montes e vivendas, entendemos que o concello de Vedra necesita, sen máis demoras, operatividade e medidas prácticas sobre o terreo.

Este concello fixo un esforzo importante nos últimos anos para dotarse de ferramentas estratéxicas de gran valor:

Plan municipal de prevención de incendios (2018)

Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios Forestais - PMPDIF (2019)

Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible - PACES (2021).

Con todo, a planificación teórica dista moito da realidade de execución sobre o terreo. Tal e como este grupo municipal denunciou no Pleno de setembro de 2025, existen graves fendas na seguridade do noso concello derivadas da falta de control sobre o convenio Xunta-FEGAMP-SEAGA. Non é comprensible que, anos despois de enviarse a planificación municipal, SEAGA sinale un plan xenérico onde se omiten as franxas de protección de vivendas illadas e vías. O que é máis alarmante: o plan municipal só contempla a franxa de protección dunha das tres instalacións pirotécnicas de Vedra (Pirotecnia Penide), deixando desprotexidas e fóra do plan de SEAGA o almacén de dita empresa e as instalacións de Pirotecnia Gaiteiro.

Os primeiros 15 ou 20 minutos dende que se detecta un foco son os que determinan se un pequeno conato se controla ou se transforma nun gran incendio. Dada a enorme dispersión xeográfica das nosas parroquias, e a presenza de instalacións de alto risco como as pirotécnicas, depender exclusivamente de medios externos sen ter organizada a loxística de emerxencia veciñal, e sen ter as franxas de biomasa limpas, supón asumir un risco que non podemos permitírnos.

A protección civil e a seguridade da veciñanza esixen que a alcaldía exerza as súas competencias directas (segundo o artigo 22 da Lei 3/2007), liderando unha xestión eficaz que organice todos os recursos dispoñibles de xeito seguro, coordinado e regulado.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG presenta para o seu debate e aprobación pelo Pleno os seguintes:

ACORDOS

PRIMEIRO. Creación do rexistro voluntario de recursos móbiles (O "Mapa de Cubas").

O concello de Vedra abrirá de inmediato un censo de carácter voluntario para que os veciños e profesionais que dispoñan de tractores, cisternas e cubas de auga poidan inscribirse. A través deste rexistro, acordarase un protocolo de colaboración polo cal os voluntarios recibirán un aviso do concello os días en que o IRDI estea en nivel alto ou extremo, convidándoos a manter preventivamente as cubas cargadas e a maquinaria disposta para unha posible activación de emerxencia na súa contorna.



(O Concello ten a obriga de inventariar os medios de extinción e garantir a vixilancia do termo municipal, tal e como estipula o Plan Municipal de Prevención de Incendios de 2018).

SEGUNDO. Canle oficial de WhatsApp e rede de "ligazóns parroquiais" baixo o paraugas de Protección Civil.

Habilitarase un sistema de comunicación estruturado en dous niveis para garantir a axilidade e a estrita seguridade xurídica:

Canle de Difusión Pública (unidireccional): unha canle oficial de WhatsApp do concello onde a veciñanza poida subscribirse de xeito anónimo para recibir alertas en tempo real do IRDI, prohibicións de queimas e avisos de emerxencia.

Rede de Ligazóns Parroquiais (grupo de coordinación protexido): creación dun grupo de comunicación específico cos veciños designados como coordinadores en cada parroquia. Para blindar legalmente aos participantes e ao propio concello, esta rede integrárase funcionalmente como unha sección de voluntarios colaboradores da Agrupación de Protección Civil de Vedra, contando así coa formación, a cobertura de responsabilidade civil e o seguro de accidentes preceptivo para actuar nos primeiros 15-20 minutos en coordinación co 112.

(A rede dixital de alerta e xeolocalización instantánea materializa as directrices de participación cidadá, transparencia informativa e resiliencia comunitaria esixidas no Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible - PACES de 2021).

TERCEIRO. Formación en seguridade e entrega de kits de dotación técnica.

O concello organizará á maior brevidade posible, xornadas de formación básica en seguridade e autoprotección para os veciños inscritos no rexistro. Así mesmo, o concello fornecerá a cada vehículo/cuba censada un kit básico de conexión homologado (*axustes rápidos tipo Barcelona ou Stor e boquillas de extinción*) para garantir que a maquinaria veciñal sexa 100% compatible cos equipos de extinción oficiais.

(A formación responde de forma directa ao apartado de concienciación, capacitación e autoprotección cidadá recollido explicitamente tanto no Plan de 2018 como no PMPDIF de 2019).

CUARTO. Plan de adecuación de camiños municipais e accesos a puntos de carga.

O concello acometerá de xeito prioritario a roza, limpeza e eliminación de barreiras vexetais en todos os camiños de titularidade municipal que dan acceso ao río Ulla, regatos e puntos históricos de carga de auga. Así mesmo, tramitarase pola vía de urxencia perante Augas de Galicia a autorización sectorial necesaria para realizar os mantementos estritamente necesarios nas zonas de servidume fluvial, garantindo que os camiños de extinción e os tractores poidan manobrar e cargar auga de xeito seguro.

(A intervención e mantemento destas vías de evacuación e carga atópase planificada dentro do deseño de infraestruturas loxísticas do PMPDIF de 2019).

QUINTO. Cartografía e sinalización de puntos de abastecemento parroquia a parroquia.

Identificar e catalogar en cada unha das parroquias de Vedra os puntos válidos para a provisión rápida de auga (*piscinas que se presten voluntarias, pozos comunitarios, depósitos ou hidrantes de rede*). Estes puntos serán recollidos no mapa loxístico municipal e sinalizados fisicamente sobre o terreo para optimizar os tempos de recarga de auga das cubas durante unha emerxencia, evitando traxectos longos.



(Trátase dunha acción transversal que unifica a operatividade sobre o terreo do PMPDIF de 2019 coa estratexia de optimización de recursos hídricos en épocas de seca severa recollida no PACES de 2021).

SEXTO. Auditoría e corrección urxente do plan de franxas con SEAGA.

O concello de Vedra reitera formalmente e por vía de urxencia a SEAGA e á Consellería do Medio Rural a esixencia de incorporar de xeito inmediato na súa planificación as franxas de protección de vivendas illadas e vías que si figuran no plan municipal pero que foron omitidas por dita empresa pública, emendando unha falta de previsión que expón ao concello a unha extrema vulnerabilidade.

SÉTIMO. Inclusión inmediata de todas as instalacións pirotécnicas do concello.

O Pleno do concello de Vedra insta ao Goberno Local a modificar de oficio o Plan Municipal de Prevención para incluír as franxas secundarias de protección de totalidade das instalacións pirotécnicas e os seus almacéns presentes no termo municipal (Pirotecnia Gaiteiro e almacén de Penide), tramitando de inmediato ante SEAGA a súa limpeza prioritaria para evitar unha situación de perigo en caso de incendio forestal na contorna.”

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, sinala que esta moción é un traballo que tiña que comezar a construírse en setembro. É consciente de que se está a facer un plan de actuacións e hai cousas que lle pertencen ao concello, como incluír no propio plan municipal as pirotecnias. Non ten sentido que haxa tres plans (Garda Civil, SEAGA e municipal) e que sexan discordantes uns cos outros. O sensato sería que SEAGA recollese o que recolle o plan municipal e que ambos inclúisen as instalacións máis problemáticas do concello, as pirotecnias.

Solicita que se faga todo o plan ou todo o que se poida. O mapa de cubas non é imposible de facer, ao igual que as canles de WhatsApp para poder pórse de acordo e coordinarse en caso de extinción. O que se pide é que os veciños con cubas de auga poidan dar apoio aos servizos de extinción, de se-lo caso.

Se tiveran un SIX, que foi aprobado polo grupo de goberno e nunca se executou, poderían cartografar todos os accesos, saber onde están os ventos dominantes, etcétera.

Tamén é importante ter kits de compatibilidade cos servizos de extinción. Non serve de nada ter as cubas de auga se non o poden usar os bombeiros.

Solicita o voto favorable.

A Presidencia di que considera unha moción construtiva, aínda que con algunhas matizacións.

Nestes últimos anos houbo algún conato de incendio e moitas das cuestións que figuran na moción leváronse á práctica con éxito, como que as cubas recargaban aos vehículos contraincendios que participaban na extinción.

As correccións dos plans están solicitadas e volverán insistir ata que consigan que estean implementadas no plan de SEAGA e no municipal.



No tema das pirotecnias, aínda que non apareceran recollidas, si que aparecen como elementos industriais que efectivamente teñen o seu ámbito de protección como as estacións de servizo.

Respecto aos acordos da moción, sinala que no punto de creación dun rexistro de voluntariado, di que xa se fixo no seu momento. A día de hoxe hai algúns que seguen colaborando e outros non. Tentarán formalizado dalgún xeito e darlle un pulo.

No resto de puntos, considera importante o tema da formación. Están pendentes de recibir un PAMIF (Plan de actuación municipal de incendios forestais). Están nun programa piloto da Femp para facer un PAMIF para un concello rural pequeno como Vedra. Conta con que chegue nas próximas semanas e nese documento xa aparecen moitas das cuestións formuladas na moción.

A formación é fundamental, sobre todo dentro do ámbito de Protección Civil, porque é onde van estar o persoal voluntario. A día de hoxe teñen voluntarios que están capacitados para poder usar o BULL e que estea operativo permanentemente nesta época.

En canto aos puntos de abastecemento, di que agora mesmo hai máis de 20 hidrantes repartidos por todo o concello e moitos deles xa sinalizados.

Confirma o voto a favor da moción.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, solicita que se implemente o SIX.

Posta a votación apróbase por unanimidade.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía (do 22/05/2026 ao 19/06/2026).

Dáse conta das Resolucións de Alcaldía aprobadas no período entre o 22/05/2026 e o 19/06/2026 comprendidas nos números 524 – 657.

O pleno dáse por informado.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre praza da escola unitaria de San Miguel a Presidencia contesta que está feita a solicitude e xa mantivo unha reunión co responsable correspondente.

2º.- Respecto a delimitar os espazos de aparcamento con liñas amarelas para evitar conflitos cos veciños onde hai furanchos, di que está pendente.

3º.- Sobre cando se vai convocar a mesa de contratación do centro de saúde, a Presidencia contesta que a semana que vén se van publicar os pregos e comezará todo o procedemento.

7.- Rogos e preguntas:

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita que revisen o convenio e o contrato coa nova empresa que xestiona o SAF. Chegáronlle múltiples queixas de persoas usuarias e traballadoras. En canto a estas,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



reducíronlles os horarios a practicamente todas, así como o tempo de desprazamento entre domicilios e os quilómetros. Isto supón que lle paguen menos quilometraxe e que aumente o risco no desprazamento entre domicilios.

2º.- Pregunta cal é o tempo medio de recollida de voluminosos no concello.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, fai un rogo:

1º.- Roga que a reparación da varanda do campo da festa de Picón.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cinco minutos.